



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INTRODUCCIÓN.....	1
.1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	3
.2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES	5
.3.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS	6
.4.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMANS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	7
.4.1.- Medidas ordinarias.....	7
.4.2.- Medidas extraordinarias.....	9
.4.3.- Outras actuacións desenvolvidas no centro	14
.5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN	14
.5.1.- Criterios para a adxudicación de apoios ordinarios ás aulas	15
.5.2.- Criterios de utilización dos servizos de apoio específico	15
.6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO	16
.6.1.- No propio centro	16
.6.2.- Externos ao centro	20
.7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CO IES ADSCRITO	20
.7.1.- Coordinación interna	20
.7.2.- Coordinación con outros centros	21
.8.- CANLES DE COMUNICACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO	21
.9.- PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E AUTORIZACIÓNS DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.....	23
.9.1.- Solicitude do titor/a de intervención do D.O. en E.I. Anexo I.....	23
.9.2.- Solicitude do titor/a de intervención do D.O. en E.P. Anexo II.....	23
.9.3.- Autorización familias para intervención do D.O.....	23
.9.4.- Autorización para realización da Avaliación Psicopedagóxica	23
.9.5.- Autorización da intervencións dos especialistas de PT e/ou AL	23
.9.6.- Autorización para a realización dunha ACI - Anexo VI.....	24
.9.7.- Folla de petición de copia do informe psicopedagóxico- Anexo VII	24
.9.8.- Autorización pais/nais/titores legais para establecer contacto con profesionais externos- Anexo VIII	24
.9.9.- Información e autorización sobre flexibilización da idade de escolarización – Anexo IX	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. PLURILINGÜE VIRXE DO MAR
Rúa Illas Cíes, núm.2 – 15570 – NARÓN (A Coruña)
Tfno: 881 93 03 83 Fax: 881 93 03 85
e-mail: ceip.virxedomar@edu.xunta.es



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

.9.10.- Documento seguimento ACI – Anexo X	24
.9.11.- Documento R.E. de titor/a e especialistas – Anexo XI.....	24
.10.- PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO ESTRANXEIRO	24
.11.- PROCESO DE AVALIACIÓN, SEGUIMENTO E MELLORA DO PLAN.....	31



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

INTRODUCCIÓN

Enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e acción que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Para facer realidade a igualdade de todo o alumnado é preciso elaborar o Plan Xeral de Atención á Diversidade que é o documento no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que o centro diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado e, en especial, aquel con necesidades específicas de apoio educativo.

Marco legislativo:

- ❖ Atención á diversidade:
 - Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional de Galicia.
 - Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
 - Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de educación non universitaria con necesidades educativas especiais.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas pola lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- ❖ En materia de convivencia escolar:
 - Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
 - Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

.1.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está ubicado nas Illas Cíes, n 2 en Narón. Narón atópase no noroeste galego da provincia da Coruña.

Na actualidade están en funcionamento 3 unidades de Educación Infantil e 7 de Educación Primaria.

Dende o curso 2015-2016 somos centro Plurilingüe, á Educación Plástica impártese en inglés desde o primeiro curso de Educación primaria, durante os vindeiros cursos, e a razón dun nivel por curso, irase ampliando a súa aplicación ata conseguir a súa total implantación en todos os niveis de primaria tal e como está recollido no capítulo IV do Decreto 79/2010.

Ofertas educativas

- Proxecto de Anticipación dunha Lingua Estranxeira na etapa de Educación Infantil.
- Plurilingüismo.
- Participación no Programa de Reforzo, Orientación e Apoio (PROA).
- Participación no Plan Proxecta.

As familias

O contexto socioeconómico e cultural do alumnado é moi diverso, dándose a circunstancia de que moitas familias proceden doutras autonomías e tamén do estranxeiro, que nalgúns casos precisa tamén de apoio educativo específico, ben sexa para a adquisición do idioma ou para acadar un nivel académico semellante ao dos rapaces escolarizados no centro. Por todo isto, existe unha grande diversidade lingüística e, sobre todo, cultural. Ademais, a sobrecarga de matrícula doutros centros escolares do Concello, fai que o noso centro acolla a nenos e nenas que non residen no entorno máis próximo.

Na análise de composición social ou procedencia económica das familias dedúcese que unha porcentaxe moi alta pertence a unha clase social medio-baixa e non todas

As familias, en xeral, son colaboradoras existindo unha comunicación directa e constante ante



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

calquera situación anómala.

O noso alumnado

A maioría do a alumnado do centro vive no entorno inmediato do mesmo, polo tanto pertence a un ambiente urbano.

Hai unha proporción bastante equilibrada entre nenos e nenas, e teñen como lingua materna o castelá, lingua falada diariamente nas súas casas. Existe unha relación moi directa entre os resultados académicos do alumnado e o nivel cultural das familias; así, nas familias cunha composición estable e nivel cultural medio ou medio-baixo, prodúcese resultados escolares satisfactorios de rendemento escolar, do mesmo xeito que o alumnado con dificultades de aprendizaxe está adscrito a unha clase social baixa ou moi baixa, con problemas de estabilidade que supoñen carencias de estímulos ambientais para os nenos e nenas.

A diversidade de intereses, capacidades e ritmos de aprendizaxe habitual nos alumnos e alumnas do noso centro (na nosa poboación escolar están escolarizados alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de deficiencia mental leve, trastornos xeneralizados do desenvolvemento, trastornos de déficit de atención con e sen hiperactividade, alumnado procedente de situacións familiares precarias, con escasa estimulación, con dificultades de aprendizaxe, alumnado con déficits e/ou trastornos da linguaxe ou da comunicación, con altas capacidades, con problemas de conduta, a presenza de alumnado inmigrante) lévanos a atender esta diversidade mediante un conxunto de accións educativas que nun senos amplo intentan previr e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado.

Esta realidade escolar lévanos a deseñar un Plan Xeral de Atención á Diversidade coa finalidade de planificar medidas educativas que faciliten unha resposta adaptada ás necesidades que presentan os alumnos e alumnas, en particular, ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, (NEAE), xa sexan permanentes ou transitorias.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

.2.- IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Ao inicio de cada curso, cando un titor/a se fai cargo dun grupo novo, deberá realizar unha serie de acción encamiñadas á atención á diversidade.

En primeiro lugar, o titor/a actual reunirse co titor/a anterior para intercambiar información relevante sobre o alumnado. Deberá consultar a información acumulada de anos anteriores no expediente académico na Secretaría do centro, onde aparecerán os cursos nos que recibiu apoio por parte dos especialistas de PT e AL.

Así mesmo, deberá manter unha reunión co Xefe do DO quen lle achegará a información relevante para atención do alumnado con n.e.a.e.

Durante o curso escolar, cando un alumno/a comece a manifestar dificultades na súa aprendizaxe, ademais de tomar as medidas ordinarias de atención individual deberá:

- a) Observación directa na aula e detección de posibles necesidades por parte do titor/a ou mestres/as especialistas.
- b) Comunicación do titor/a das posibles neae detectadas á Xefatura do DO, e solicitude de intervención do mesmo por medio do modelo que se achega no Anexo 1 en EI ou no Anexo 2 no caso de EP.
- c) A Xefatura do DO, unha vez solicitada a autorización ás familias para a realización dunha Avaliación Psicopedagóxica (Anexo 3), será quen realice dita avaliación e valorará a existencia ou non de neae.

O que pretende esta avaliación é:

- Determinar se un alumno ten neae.
- Tomar decisións relativas á escolarización.
- Sinalar se precisa certas adaptacións do currículo.
- Determinar os recursos e apoios específicos.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Orientación escolar, profesional e familiar.
- d) No caso de darse necesidade de medidas extraordinarias, o Orientador/a do centro elaborará un Informe Psicopedagóxico no que recollerá os aspectos observados na avaliación e as orientacións que considere oportunas de cara á intervención co alumno/a.

Estas pautas serán seguidas polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para a realización dos Programas de intervención individualizados que guían a súa intervención co alumnado.

Cos resultados da avaliación psicopedagóxica o Xefe do DO informará ao titor/a e ás familias así como das medidas que se levará a cago co alumno/a.

.3.- DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

Como obxectivos de carácter xeral, e dentro do marco que compete ao Plan de Atención á Diversidade, establecemos os seguintes:

1.1. En canto ao centro

- Favorecer a participación dos profesionais do centro de maneira que participen directamente na adecuación do desenvolvemento do currículo á diversidade do alumnado.
- Facilitar e coordinar a actuación dos diferentes mestres que interveñan no proceso educativo do alumnado con neae, coñecendo en todo momento os aspectos académicos dos alumnos e mais concretamente das súas dificultades en cursos anteriores.
- Diseñar un uso adecuado dos recursos, tanto persoais como materiais, existentes no centro.
- Establecer canles de colaboración cos recursos externos: Centros de Educación Secundaria, Equipos de Orientación Específica, Servicios Sociais e tamén con aquelas Institucións e Asociacións que participen na educación dos nosos alumnos.
- Levar a cabo programas específicos que atenda á diversidade e características do alumnado.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1.2. En canto ao alumnado

- Favorecer a identificación temperá de necesidades co obxectivo de facilitar as medidas de apoio mais axeitadas.
- Diseñar e coordinar actuacións que posibiliten o acceso ao currículo á totalidade do alumnado, desde as exploracións psicopedagóxicas (grupais, se é o caso, e individuais) ata os reforzos educativos, os talleres, programas de intervención, etc.
- Establecer criterios pedagóxicos que orienten ao profesorado, na adopción de decisións respecto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Diseñar respostas educativas para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Revisión e/ou modificación das medidas de apoio e/ou reforzo que estea a recibir o alumnado para avanzar na prevención dos problemas de aprendizaxe e na loita contra o fracaso escolar.
- Absentismo escolar. Facilitar un seguimento individualizado do alumnado en situación de absentismo escolar de cara a tomar as medidas axeitadas en cada caso concreto.

.4.- ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMANS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias.

.4.1.- Medidas ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro educativo e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

a consecución dos obxectivos e competencias establecidas. Son as seguintes:

- a) *Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.*
- b) *Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.*
- c) *Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.*
- d) *Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.*
- e) *Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.*
- f) *Desdobramentos de grupos.*
- g) *Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:*

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía.

As medidas de reforzo educativo non necesitarán de autorización para ser levadas a cabo, e realizaranse segundo se establece a continuación:

- Estarán dirixidas a aqueles alumnos e alumnas que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo poden seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.
- Serán elaboradas polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia na que o alumno necesita a medida de reforzo, co coñecemento do titor ou titora. Este comunícarallo ó equipo directivo e á familia do alumno ou alumna.
- O seu desenvolvemento levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesor ou profesora do alumno que imparte a área ou materia, coa colaboración, se é o caso, doutros profesionais. Esta colaboración non poderá substituír en ningún caso a actuación habitual do profesor.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno como RE (reforzo educativo). Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.

h) Programas de enriquecemento curricular:

Son as medidas ordinarias de ampliación que debe desenvolver o profesorado na súa aula para responder de forma válida aos estudantes que presentan altas capacidades e/ou unha rápida aprendizaxe. Estas medidas, incluídas nas programacións de aula, adáptanse ás características do grupo ao que van dirixidas e constitúen unha concreción da atención á diversidade.

Os autores propoñen diferentes opcións para ampliar e/ou enriquecer os contidos e actividades. Entre as máis habituais están: a ampliación partindo das unidades didácticas programadas, a preparación de recantos e/ou talleres de enriquecemento, o uso da metodoloxía de investigación e proxectos, a introdución de contidos específicos extracurriculares, os programas de desenvolvemento específico das capacidades cognitivas, creativas e/ou socio-emocionais. Cada profesor/a pode elixir o procedemento que se axuste máis ao seu estilo de ensinanza, á metodoloxía da súa preferencia e ao grupo de alumnos/as ao que van dirixidas esas actividades.

i) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

j) Programas de recuperación.

k) Programas de habilidades sociais:

Estes programas supoñen a ensinanza de habilidades sociais de interacción social a todos os nenos e nenas que o precisen, no contexto real da escola, co obxectivo educativo da promoción da competencia social e da prevención primaria de futuros problemas. Son útiles en casos de alumnos con excesos condutivos (condutas agresivas, hiperactivas...), alumnos rexeitados polos seus iguais, alumnos con neae, alumnado retraído e socialmente illado, alumnado con problemas psiquiátricos infantís, alumnado maltratado, etc.

.4.2.- Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas enfocadas a dar



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

resposta á diversidade do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección educativa, da xefatura territorial, ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

Son as seguintes:

a) Adaptacións curriculares.

As adaptacións curriculares son modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada ciclo.

Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que curse o alumno obxecto de adaptación curricular.

As adaptacións curriculares precisarán a autorización da inspección educativa correspondente.

O seu deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor ou profesora que imparte a área ou materia ao alumno/a, co asesoramento do responsable da orientación educativa do centro, ou de calquera outro profesional que participe na atención ó devandito alumno/a.

Terán unha duración mínima dun curso educativo e revisaranse ao finalizar o mesmo. O seu desenvolvemento realizarase integrado, na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

b) Agrupamentos flexibles:

Constitúen unha estratexia organizativa e curricular para tratar de dar resposta a diferentes ritmos de aprendizaxe e á diversidade de intereses e características de cada alumno/a.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Consisten en flexibilizar a organización das aulas formando grupos reducidos de alumnos en cada clase, curso ou nivel, segundo un criterio de capacidades e/ou intereses.

Esta organización acostuma facerse unicamente nas materias instrumentais (linguas e matemáticas) e o seu obxectivo é, por unha banda, dar apoio individualizado a aqueles estudantes que teñen un desfase curricular respecto dos seus compañeiros/as, e por outra, evitar o freo que supón para o alumnado máis avanzado nestas materias traballar nunha estrutura rixida.

c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe:

Para que se produza este tipo de atención, será necesario que así o aconselle a Xefatura do DO.

O procedemento para a demanda de intervención de dito servizo é o seguinte:

- Comunicado do titor/a ao orientador/a do centro da necesidade de realizar unha avaliación psicopedagóxica.
- Solicitud de permiso ás familias para a realización desta avaliación
- Enchido por parte do titor/a, e especialistas en caso de ser necesario, do cuestionario previo, proporcionado pola Xefatura do DO.
- Proceso de avaliación e informe de atención ás n.e.a.e. Este informe deberá incluír a situación evolutiva e educativa do alumno/a e as orientacións curriculares necesarias que servirán de guía ao profesorado especialista en audición e linguaxe e en pedagogía terapéutica para deseñar os programas de intervención individualizados.
- Solicitud de permiso ás familias de cara á intervención do profesorado especialista.

d) Flexibilización da duración do período de escolarización.

A escolarización en educación infantil poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación infantil máis alá do ano natural en que se cumpran os sete de idade nin comezar a educación primaria antes do ano natural en que se cumpran os cinco anos.

A escolarización en educación primaria poderá, excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función, respectivamente, das necesidades



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado. En ningún caso se poderá permanecer en educación primaria máis alá do ano natural en que se cumpran os quince de idade nin comezar a educación secundaria obrigatoria antes do ano natural en que se cumpran os dez anos.

g) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

A Consellería de Educación poderá adoptar as medidas oportunas para posibilitar a atención educativa ao alumnado que, por razóns de saúde ou por decisión xudicial, non poida asistir con regularidade a un centro educativo. Para tal efecto, poderá subscribir convenios, protocolos e/ou acordos coas administracións con responsabilidade na atención ao referido alumnado, mesmo con institucións sen ánimo de lucro especializadas nesa atención.

h) Grupos de adquisición das linguas

i) Grupos de adaptación da competencia curricular

Considerarase alumnado obxecto destas dúas medidas aquel que tendo unha idade comprendida entre os 3 anos e o límite de escolarización obrigatoria proceda do estranxeiro e, tras a correspondente avaliación, reúna algunha das necesidades educativas seguintes:

- descoñecemento das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade Autónoma, galega e castelá.
- Desfase curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade.
- Presentar graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais ou culturais.

Os grupos de adquisición das linguas son :

Agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de xeito que se posibilite a súa plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado. Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia.

O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período.

Os grupos de adquisición das linguas poderanse desenvolver na educación primaria e na educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, no último curso da educación infantil.

O alumnado que forme parte dun grupo de adquisición das linguas deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 5 períodos lectivos no último curso da educación infantil e 10 no primeiro ciclo da educación primaria, 20 no segundo e terceiro ciclo da educación primaria. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe.

Coa finalidade de facilitar a integración escolar e social do alumno, este permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física e educación artística.

No caso do último curso da educación infantil e no primeiro ciclo de educación primaria, ademais das actividades específicas que se poidan desenvolver no grupo de adquisición das linguas tamén se levarán a cabo no contorno da aula ordinaria actividades de apoio á aprendizaxe da lingua.

Os grupos de adaptación da competencia curricular:

Son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado.

Esta medida estará dirixida, polo tanto, ó alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ao longo de todo o ano escolar.

Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os grupos de adaptación da competencia curricular só se poderán desenvolver nos cursos 3º, 4º, 5º e 6º da educación primaria e na educación secundaria obrigatoria.

O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ao mesmo curso.

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 8 períodos na educación primaria.

En ningún caso o desenvolvemento das actividades do grupo de adaptación da competencia curricular poderá abranguer a totalidade do horario semanal.

.4.3.- Outras actuacións desenvolvidas no centro

O alumnado de 3º,4º,5º e 6º de Educación Primaria que reúna os requisitos, pasará a participar no Programa PROA (acompañamento escolar fóra do horario lectivo). A xustificación da participación no Programa ven dada da análise dos resultados das avaliacións, constatando que o alumnado non é quen de acadar os obxectivos do currículo ou un nivel axeitado de desenvolvemento das competencias.

No mesmo sentido, o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria participará no Programa Municipal de Reforzo no centro.

.5.- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Ao remate de cada curso, na avaliación fanal, rexístrase información sobre as necesidades detectadas nos grupos de alumnos.

No mes de setembro a Xefatura de Estudos xunto co DO revisarán os informes finais e os de nova incorporación coa finalidade de organizar e distribuír os apoios. Os criterios a ter en conta para a adxudicación dos apoios son os seguintes:

1. Alumnado do 1º e 2º curso de EP, por tratarse dun curso que senta a base da lecto-escritura e cálculo na EP, e de alumnado de curta idade que se enfrenta a un cambio de etapa educativa.
2. Aulas nas que exista alumnado con ACS.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3. Aulas con alumnado que estea a repetir curso.
4. Aulas con alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Será o Xefe de Estudos quen organizará estes apoios en función dos horarios do profesorado e das aulas, intentando na medida das posibilidades, que o profesorado que entra a apoiar nunha aula varíe o menos posible.

.5.1.- Criterios para a adxudicación de apoios ordinarios ás aulas

Os criterios a ter en conta para a adxudicación dos apoios son os seguintes:

1. Alumnado do 1º e 2º curso de EP, por tratarse dun curso que senta a base da lecto-escritura e cálculo na EP, e de alumnado de curta idade que se enfrenta a un cambio de etapa educativa.
2. Aulas nas que exista alumnado con ACS.
3. Aulas con alumnado que estea a repetir curso.
4. Aulas con alumnado con dificultades de aprendizaxe.

Será o Xefe de Estudos quen organizará estes apoios en función dos horarios do profesorado e das aulas, intentando na medida das posibilidades, que o profesorado que entra a apoiar nunha aula varíe o menos posible.

.5.2.- Criterios de utilización dos servizos de apoio específico

Tendo sempre como referentes os principios de integración e normalización e tendo en conta o Artigo 7 do Decreto 120/98 de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, o orientador/a do centro, xunto co profesorado de AL e PT do centro, establecerán o horario de atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para o deseño desta atención, teranse en conta os seguintes criterios prioritarios, partindo sempre das necesidades máis graves e permanentes:

1. Alumnado do centro ou de incorporación ao centro que presente NEE.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha ACS.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3. Alumnado que así o aconselle a correspondente Avaliación Psicopedagóxica.
4. Alumnado que repite curso.
5. Alumnado de final de etapa.

A proposta de atención será elaborada polo orientador/a e especialistas de PT e AL ao comezo do curso, deberá ser posta en coñecemento da Xefatura de Estudos.

.6.- CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

.6.1.- No propio centro

A atención á diversidade será tarefa de todos os membros do Claustro, e as súas funcións serán as seguintes:

❖ Equipo directivo

1. Dispoñer e por en marcha as medidas de atención á diversidade adecuadas ás necesidades detectadas e aos recursos dispoñibles.
2. Coordinar todas as actuación previstas tendo en conta o establecido na proposta de concreción anual da PXAD.

❖ Orientador/a

1. Elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos equipos de ciclo/docentes a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo.
2. Elaborar a proposta de concreción anual do citado Plan que formará parte da programación xeral anual.
3. Elaborar a memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade establecendo as propostas de mellora a que se incorporará a memoria do departamento e polo tanto á memoria anual do centro.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

4. Servir de apoio tanto ao Equipo Directivo como ao Claustro, alumnado e familias.
5. Coordinar a atención ao alumnado con NEAE xunto co xefe/a de estudos e o profesorado de apoio.
6. Detectar e avaliar as NEAE do alumnado.
7. Realizar a avaliación psicopedagóxica.
8. Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
9. Asesorar na elaboración de programas dirixidos ao desenvolvemento integral do alumnado e ofrecerlle ao profesorado o soporte técnico para o desenvolvemento dos mesmos.
10. Asesorar na toma de decisións sobre medidas de atención á diversidade para o alumnado con NEAE.
11. Favorecer a posta en práctica das medidas organizativas e curriculares de atención á diversidade que precise o alumnado.
12. Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado.
13. Deseñar, en colaboración co profesorado involucrado, medidas de reforzo que favorezan a aprendizaxe do alumnado.
14. Establecer relacións estables de coordinación entre profesorado titor, profesorado especialista e profesorado de apoio ás necesidades educativas especiais.

❖ *Profesorado de Pedagogía Terapéutica:*

1. Colaboración coas titoras e resto de profesorado na realización de A.C.S individualizadas.
2. Intervención co alumnado cuxa avaliación psicopedagóxica así o indique. Na etapa de EI, intentarase que esta intervención sexa na medida do posible dentro da aula ordinaria.
3. Participación na avaliación e promoción das ACS.
4. Colaboración coa titora na orientación/coordinación coa familia.
5. Participación nos claustros, equipos de ciclo e CCP, propoñendo medidas que favorezan a atención á diversidade.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

6. Elaboración e seguimento de programas individualizados de intervención para o alumnado.
7. Coordinación e seguimento das medidas propostas xunto coas titoras, especialistas, e cos demais membros do DO.
8. Coordinación e colaboración con recursos externos.

❖ *Profesorado de Audición e Linguaxe:*

1. Realizar intervencións directas de apoio, especialmente as referidas a:
 - ✦ Trastornos da linguaxe.
 - ✦ Trastornos da fala, xordeiras e hipoacusias.
 - ✦ Trastornos da fala que teñan incidencia na lecto-escritura na etapa de EP.
 - ✦ Déficits nas habilidades psicolingüísticas do alumnado cuxa avaliación psicopedagóxica recomende a intervención deste especialista.
2. Colaboración coas titoras e resto de profesorado na realización de A.C.S individualizadas, se atinxen a problemas de comunicación e linguaxe.
3. Participación na avaliación e promoción das A.C.S, se atinxen a problemas de comunicación e linguaxe.
4. Participación nos claustros, equipos de ciclo e CCP, propoñendo medidas que favorezan a atención á diversidade.
5. Valorar as neae do alumnado relacionadas con aspectos da comunicación e da linguaxe.
6. Elaboración e seguimento de programas individualizados de intervención para o alumnado con problemas de comunicación e linguaxe.
7. Coordinación e seguimento das medidas propostas xunto coas titoras, especialistas, e cos demais membros do DO.
8. Coordinación e colaboración con recursos externos.

❖ *Profesorado Titor e Especialista:*



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Realizar avaliación inicial a comezos de cada curso, coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ás características do alumnado.
2. Detectar as dificultades e necesidades educativas coa finalidade de dar respostas educativas coherentes e, demandar os oportunos asesoramentos.
3. Elaboración e seguimento das ACS.
4. Realización de apoios en aula e RE.
5. Coordinar co DO a intervención educativa dos alumnos/as con neae
6. Coordinar cos demais profesores do grupo.
7. Promover un contexto de colaboración coa familia, intercambiando información relevante que afecte á educación dos seus fillos.

A partir destas funcións, ao longo do curso levaranse acabo as seguintes actuacións:

Primeiro Trimestre:

- Reunión inicial do DO para establecer as sesións de apoio e reforzo.
- Reunión entre os titores que tiveron alumnos con neae e os novos titores que os vaian ter este curso para compartir información significativa sobre o alumnado.
- Reunión entre o Xefe de Estudos e o DO para programar as actuacións a levar a cabo ao longo do curso.
- Elaboración das A.C.S por parte dos titores coa colaboración do DO e dos mestres especialistas, de ser o caso.
- Asignación de apoios en aula ao profesorado con horario dispoñible, en función das necesidades existentes.
- Avaliación da marcha da atención á diversidade ao finalizar o primeiro trimestre.

Segundo Trimestre:

- Seguimento das A.C.S.
- Avaliación da marcha da atención á diversidade ao finalizar o segundo trimestre.

Terceiro Trimestre:

- Avaliación das ACS.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Avaliación da marcha da atención á diversidade ao finalizar o terceiro trimestre.
- Ao finalizar o curso ou ao comezo do curso seguinte, o DO solicitará a cada titor unha relación do alumnado susceptible de recibir reforzo educativo. Asemade, teranse en conta nesta lista os alumnos/as repetidores e os que pasen de curso con materias pendentes.
- O DO elaborará unha memoria final de curso sobre a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade que se incluírá na memoria do DO e polo tanto na memoria final de centro.

.6.2.- Externos ao centro

O centro coordinarase cos outros servizos externos (Servizos Sociais, Sanitarios, ASPANEPS, EOE,...) cos que colabora e se coordina. Nos casos de alumnado que estea sendo atendidos por profesionais externos ao centro (gabinetes psicolóxicos,..) estableceranse os contactos necesarios para intercambiar información e fixar estratexias de actuación conxuntas que redunden na mellora da resposta educativa do alumnado, previa autorizacións das nais, pais, e titores e titoras legais.

.7.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E CO IES ADSCRITO

Actualmente é imposible entender o contexto educativo illado do medio que nos rodea. Por iso é fundamental manter canles de comunicación específicas tanto a nivel interno como externo ao centro, que favorezan un traballo conxunto repercutindo este de maneira positiva no desenvolvemento xeral do alumno.

.7.1.- Coordinación interna

Este Plan de Atención á Diversidade require de relacións de colaboración e coordinación de todos os membros integrantes do centro educativo, que se levarán a cabo nas diferentes reunións que terán lugar ao longo do curso e que veñen reguladas no Regulamento Orgánico de Centro:

- Reunións dos Equipos Docentes, mensualmente.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Reunións do Departamento de Orientación, semanalmente orientador/a , PT, AL e Xefatura de Estudos.
- Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica, polo menos unha vez ao trimestre.
- Sesións de avaliación.
- A principios de curso o profesorado de apoio cos titores.
- Todas aquelas xuntanzas que requira cada un dos casos tratados.

.7.2.- Coordinación con outros centros

Debemos ter presente, que cando o neno remata a Educación Primaria o seu proceso de ensino-aprendizaxe continuará no Instituto de Ensinanza Secundaria. No caso do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar (Narón) ten adscrito o IES Telleiras, aínda que por proximidade os alumnos optan por ir a outros centros: O IES Terra de Trasancos ou o C.P.I O Feal. Por esta razón, dende o centro e xestionado polo equipo directivo, manterase unha reunión cos pais dos alumnos do 6º curso de cara a informalos das diferentes posibilidades. Do mesmo xeito, cada IES o C.P.I levará a cabo unha reunión informativa orientada tanto a pais como alumnos e que será acordada e establecida dende o IES o C.P.I correspondente. Os pais interesados, serán acompañados por un membro do equipo directivo ou docente do noso centro.

En calquera caso, a comunicación e colaboración entre o CEIP e o IES o C.P.I será fundamental para facilitar a transición á nova etapa.

Asemade, sería preciso a colaboración entre os Departamentos de Orientación do CEIP cos distintos IES o C.P.I para favorecer a transición dos alumnos con neae.

.8.- CANLES DE COMUNICACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO

O principal obxectivo do Plan de Atención á Diversidade é dar unha resposta axeitada ás necesidades de todos e cada un dos alumnos considerados individualmente, tendo en conta especialmente ao alumnado con neae. Para acadar isto, non só é preciso a colaboración e coordinación do profesorado



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

do centro, senón tamén a colaboración das familias e dos servizos externos ao mesmo que se vexan involucrados na educación destes alumnos.

Atendendo a isto podemos establecer unha serie de pautas que nos permitan unha axeitada coordinación tanto coas familias, como cos servizos externos.

- a) **En canto a familia**, será preciso un intercambio de información co fin de lograr a implicación das familias no proceso educativo dos fillos. Para iso trataremos de:
 - Realizar reunións iniciais para promover a colaboración entre o centro e as familias, facilitando unhas relacións fluídas, que favorezan o desenvolvemento persoal do alumno.
 - Implicar aos pais e nais nas actividades de apoio, aprendizaxe e orientación dos seus fillos, favorecendo o desenvolvemento social e académico dos alumnos con NEAE.
 - Reunións de seguimento, con periodicidade variable segundo os casos, nas que poidan participar ademais do titor, especialistas e orientador.
- b) **En canto aos servizos externos**, requírese un compromiso por parte de todos os profesionais que traballan ou teñen relación co centro. Así, a colaboración da nosa escola con institucións externas á mesma será responsabilidade do equipo directivo, como xestor organizador e pedagóxico do centro e no caso de asociacións e institucións que teñan que ver coa atención á diversidade, será o Departamento de Orientación o encargado de manter a comunicación e colaboración axeitada. Atendendo a isto, intentaremos:
 - Favorecer a comunicación e coordinación, a través do D.O. tanto co Equipo de Orientación Específico como con aquelas institucións ou asociacións as cales asistan os alumnos do noso centro, de maneira que se efectúe un seguimento, non só do proceso de ensinanza-aprendizaxe, senón tamén de aqueles aspectos que inflúan do desenvolvemento persoal e social do alumno.
 - Establecer e manter comunicación cos:
 - Institutos de Educación Secundaria, aos cales accederán os alumnos unha vez finalizada a etapa de Educación Primaria.
 - Servizos de Neuropediatría e Atención Temperá.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Servizos Sociais do Concello.
- Servizos de Saúde Mental Infantoxuvenil do Sergas.
- Profesionais de Psicoloxía e Logopedia de centros privados.
- Centros de E.E.
- Facilitar a participación da comunidade nas actividades que se levan a cabo no centro.
- Facilitar a colaboración con aquelas institucións, organizacións e servizos culturais que nos ofrezan a posibilidade de ampliar a oferta educativa a través de diferentes actividades.

.9.- PROTOCOLOS DE SOLICITUDE E AUTORIZACIÓNS DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

.9.1.- Solicitude do titor/a de intervención do D.O. en E.I. Anexo I

.9.2.- Solicitude do titor/a de intervención do D.O. en E.P. Anexo II

.9.3.- Autorización familias para intervención do D.O.

A Xefatura do DO solicitará autorización ás familias para a realización da Avaliación Psicopedagóxica coa circular que se achega no **Anexo III**

.9.4.- Autorización para realización da Avaliación Psicopedagóxica

Unha vez autorizada a intervención do DO, para a elaboración da Avaliación Psicopedagóxica, a Xefatura do DO solicitará información ás familias do alumnado mediante a enquisa que se achega no **ANEXO IV**

.9.5.- Autorización da intervencións dos especialistas de PT e AL

Unha vez realizada a Avaliación Psicopedagóxica, se a Xefatura do DO considera que é conveniente a intervención dos/as especialistas do DO, estes solicitarán permiso por escrito ás familias, por medio do **ANEXO V**



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- .9.6.- Autorización para a realización dunha ACI - Anexo VI**
- .9.7.- Folla de petición de copia do informe psicopedagóxico- Anexo VII**
- .9.8.- Autorización pais/nais/titores legais para establecer contacto con profesionais externos- Anexo VIII**
- .9.9.- Información e autorización sobre flexibilización da idade de escolarización – Anexo IX**
- .9.10.- Documento seguimento ACI – Anexo X**
- .9.11.- Documento R.E. de titor/a e especialistas – Anexo XI**

.10.- PLAN DE ACOLLIDA DE ALUMNADO ESTRANXEIRO

O **obxectivo** é favorecer a integración deste alumnado e acadar o antes posible a súa participación e implicación nas actividades do centro e atender convenientemente, se é o caso, as súas necesidades específicas de atención educativa.

Estas **actuacións** contéplanse e recóllense dunha maneira máis ou menos explícita nos documentos curriculares e nas programacións establecidas para cada nivel e materia.

- No Proxecto Educativo estas actuacións deberán aparecer inseridas nun marco máis amplo referido ás medidas de atención necesarias para cada caso.
- Nas medidas específicas do Plan de Acción Titorial que pretenden favorecer a incorporación e integración na aula do novo alumnado mediante actividades de acollida e recepción específica para facilitar a integración no grupo, a adaptación ao centro e o coñecemento mutuo.

Para acadar esta atención individualizada, unha integración o máis efectiva posible e que consiga as competencias básicas establecidas, é necesario por tanto:

- **FLEXIBILIDADE** organizativa na adscrición do alumno/a ao nivel ou grupo e determinar



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

canto antes a aplicación daquelas medidas de carácter organizativo máis axeitadas (incorporación a agrupamentos, programas de competencia curricular, asistencia a grupos de adquisición de linguas, atención específica de apoio, etc....

- **COORDINACIÓN** entre o profesorado de apoio, titores/as e o profesorado especialista para aplicar estratexias didácticas e metodolóxicas cando exista un desfase de competencia curricular e para favorecer a inmersión lingüística, sobre todo no caso de descoñecemento total dos idiomas.
- Unha **ACCIÓN TITORIAL** sistemática que prime a atención persoal ao alumno /a e que coordine, en colaboración co D.O os aspectos organizativos, apoios, adaptacións, etc.....
- Elección dos **RECURSOS MATERIAIS E DIDÁCTICOS** máis adecuados para utilizar nas diversas materias, sobre todo no caso da adquisición das linguas para acadar canto antes unha competencia comunicativa suficiente para incorporarse á aula con garantías.

O proceso para determinar medidas de actuación conforme ás necesidades educativas do alumnado estranxeiro de incorporación tardía ao noso sistema educativo comprenderá as seguintes fases:

Fases de escolarización

- 1- Unha vez que a familia solicite praza no centro, o equipo directivo solicitaralle a **documentación regulamentaria** e ademais a documentación académica que posúa (boletíns informativos, certificacións,...) e informaralle da organización do sistema educativo (etapas, áreas, avaliación e promoción,...).
- 2- O paso seguinte será **entrevistarse coa familia**, co obxecto de obter toda a información que



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

poida resultar interesante para a adecuada escolarización do/a neno/a , de acordo co protocolo establecido a tal fin: datos físicos e de saúde, datos familiares, escolarización anterior, dificultades, materias estudadas, rendemento anterior, expectativas familiares, características da personalidade do/a alumno/a, tempo de permanencia neste país,.....A entrevista será realizada polo orientador. Sería necesario determinar se hai unha situación de provisionalidade xa que esta pode orixinar inestabilidade e irregularidade nas obrigas repercutindo negativamente na súa escolarización. Toda esta información recollerase nun **informe inicial**.

- 3- Neste momento haberá unha reunión do/a xefe/a de estudos co/a orientador/a para analizar toda a información recibida. Se parece suficiente para decidir o nivel de incorporación do/a alumno/a, farase esta efectiva no grupo que corresponda segundo os criterios de agrupamento do colexio. Esta decisión quedará recollida na **Proposta de Escolarización**.
- 4- Se as informacións aportadas ata o momento non son suficientes para decidir o nivel de incorporación do/a alumno/a, o/a orientador/a realizará unha avaliación inicial das capacidades, nivel de coñecemento da lingua e competencia curricular do alumno/a nas áreas instrumentais básicas, e as características do grupo que favoreza a mellor adaptación. Todo isto determinará o nivel de incorporación. A tal fin establécense unas probas orientativas por cada nivel/ciclo que poderán ser completadas con observacións e probas afíns.

Tendo en conta a idade do/a alumno/a, o nivel acadado na nosa lingua, a valoración inicial das súas capacidades e do seu nivel de competencia curricular nas áreas instrumentais valoraranse as medidas de atención específica que se consideren mais axeitadas, seguindo o establecido na **orde do 20 de febreiro de 2004** da Consellaría de Educación pola que se establecen medidas de atención específica ó alumnado procedente do estranxeiro, así como no **Decreto 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención a diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación.

Artigo.30. Alumnado procedente do estranxeiro



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

1. Será destinatario desta atención, aquel alumnado que, procedendo do estranxeiro, conte cunha idade comprendida entre os tres anos e o límite de escolarización obrigatoria e presente algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.
 - b) Desfase curricular significativo.
 - c) Graves dificultades de adaptación.
2. A consellería con competencias en materia de educación facilitará as medidas necesarias para proporcionar a debida atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro que presente algunha das circunstancias referidas no punto anterior. Estas medidas poderán ser tanto de tipo curricular como organizativo.

Se o/a alumno/a é de Educación Infantil pasará por un período de adaptación semellante ó que pasa o resto do alumnado cando inicia a escolarización.

En todos os casos a adscrición farase tendo en conta o curso e grupo que se considere máis conveniente e adecuado coas súas características; coa intención de aproveitar o máximo de recursos posibles, que permita a **adopción de medidas organizativas e de apoio**, que poida compartir clase, se é posible con compañeiros/as da mesma nacionalidade ou que axuden, cando menos, na **mediación co profesorado** a nivel comunicativo ou que fagan posible un **traballo cooperativo nas clases**.

Adopción de medidas específicas

A adopción de medidas específicas de atención educativa contemplaría as seguintes posibilidades:

- 1) Reforzos Educativos.
- 2) Programas de competencia curricular.
- 3) Programas de inmersión lingüística.
- 4) Incorporación a un agrupamento flexible (en caso de se os houbera).
- 5) Adaptacións curriculares significativas.

Todas estas actuacións procurárase facelas no **menor tempo posible**, a fin de que o/a alumno/a



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

normalice pronto a súa situación escolar.

Haberá tamén unha **posterior reunión cos pais** (orientadora e titor/a) na que se lle comunicará o grupo onde se escolarizará e daráselle información sobre o funcionamento do Centro (dereitos e deberes dos pais e dos alumnos/as, horario, saídas previstas, profesorado, transporte, calendario escolar, actividades complementarias, colaboración da familia, horarios de titorías, boletín de información ás familias..., material necesario,...) e o período de adaptación e/ou as medidas de atención específica, se son o caso.

No caso de **dificultades de comunicación** coa familia por descoñecemento ou dominio escaso do galego ou castelán, podemos contar coa colaboración do profesorado especialista en inglés e francés do centro, se a familia do alumno/a ten como lingua materna ou unha competencia básica nun destes idiomas (actualmente a Consellería de Educación ten publicado unha serie de materiais en varios idiomas que axudará neste sentido. Na páxina do MEC pódese atopar entrevistas iniciais e de idiomas).

Respondendo a un dos obxectivos establecidos no plan de acción titorial, procurarase poñer especial énfase, desde a titoría, nas actuacións establecidas para lograr a inserción e a participación do alumno/a no Centro :

- **Adaptando as actividades de acollida no centro**, sobre todo no caso dos alumnos/as estranxeiros incorporados nos primeiros cursos: ter preparada unha información básica de normas e costumes de centro, nomear un alumno/a guía que lles ensine as instalacións que deberán estar convenientemente pictografiadas, ter planos para os/as maiores, horarios pictografiados (se hai problemas de linguas).
- **Introducindo actividades de carácter cooperativo** que favorezan a integración e o coñecemento mutuo favorecendo a interculturalidade e de acordo coa súa idade. (Bibliografía sobre interculturalidade e Xogos cooperativos). Ver no mapa o país de orixe, facer as bandeiras, buscar en Internet información do mesmo (aspectos xeográficos, culturais,...) os equipos deportivos, buscar algunha intervención familiar se é posible, preparar algún artigo para publicar no xornal o una web do centro, celebrar xornadas de interculturalidade a nivel de centro.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Potenciar dende a titoría en colaboración co departamento de orientación, sobre todo nun primeiro período, a coordinación entre todo o profesorado que imparte clase ao alumno/a e o profesorado que intervén nas medidas de atención educativa co alumno/a.

AVALIACIÓN INICIAL DO/A ALUMNO ESTRANXEIRO

A) Recollida de datos persoais, médicos e familiares :

- Datos do pai e /ou nai: tempo que levan en España, nacionalidade, idade, profesión, permiso de residencia (situación legal), enderezo, teléfono de contacto,...
- Datos persoais do alumno/a: data de nacemento, tempo que leva en España, número de irmáns, problemas de saúde, datos evolutivos destacables,..
- Medio familiar e social:
 - Composición familiar, características culturais, relixiosas e expectativas educativas do alumno/a e dos pais.
 - Circunstancias socioeconómicas e de traballo que poden condicionar a escolaridade dos alumnos: situación de provisionalidade, horarios de traballo, presenza dos pais durante o día na casa.

B) Recollida de datos académicos

- Datos sobre a escolarización anterior no seu país de orixe, temos que:
 - Verificar se houbo escolarización previa.
 - Idade de inicio da súa escolarización.
 - Evolución da súa escolarización (se a iniciou e seguiu con normalidade)
 - Curso no que estivo escolarizado ata este momento (documentación).
- Escolarización previa noutro centro de Galicia ou España (solicitar documentación ao centro de procedencia): curso no que estivo escolarizado/a medidas de atención á diversidade adoptadas,...



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Nivel de competencia curricular que presenta o alumno/a.
Pódese utilizar na valoración diversas probas académicas por parte do D.O así no caso de detectar dificultades específicas na lecto-escritura e todas aquelas que se determinen.
 - Grado de coñecementos lingüísticos (expresión e comprensión oral e escrita-lectura e escritura) e nivel de competencia como usuario, independente ou competente:
 - Na súa lingua materna.
 - Noutros idiomas que poidan ser vehiculares (inglés, francés).
 - En galego e castelán.
 - Valoración e detección doutras necesidades educativas específicas.

C) Programa de intervención, axuda e apoio específico

- **Adaptación lingüística** (inmersión lingüística) ata que o alumno/a acade unha competencia comunicativa suficiente para incorporarse de forma progresiva ao grupo de clase. Elixirase unha primeira lingua de inmersión, castelán ou galego, valorando as circunstancias persoais do alumno/a e da decisión do centro, tendo en conta sempre cal sería a máis óptima para lograr o obxectivo proposto. De calquera maneira cando se logre unha competencia básica na lingua elixida deberase introducir outra de forma progresiva.
- **Adaptación da competencia curricular**, a cal pódese abordar de diferentes formas:
 - Apoio dentro e/ou fora da aula coa colaboración do especialista De P.T ou de A.L, ou de titores/as ou especialistas con horario dispoñible.
 - Incorporación en agrupamentos flexibles se os houbera.
 - Reforzos, apoios dentro ou fóra da aula, elaboración ou uso de materiais adaptados para realizar nas clases.

Tendo en conta o dominio lingüístico e a capacidade comunicativa do alumno/a decídese, en función dos recursos do centro, se se integra no curso coas medidas de atención que se determinen ou se segue un programa individualizado fóra do aula un determinado número de horas ata que adquira un nivel de comprensión e manexo oral da lingua mínimo para que se incorpore



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

progresivamente a todas as clases co resto dos compañeiros.

É importante nesta fase a coordinación entre todas as partes implicadas, departamento de orientación, mestra de apoio ou reforzo, titores e especialistas.

.11.- PROCESO DE AVALIACIÓN, SEGUIMIENTO E MELLORA DO PLAN

O Plan Xeral de Atención á Diversidade do CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR é un documento aberto ás posibles modificacións que puideran derivarse de cambios na propia normativa, e á realidade cambiante do centro.

Ao finalizar o curso escolar, o Departamento de Orientación, na súa memoria anual, informará sobre as súas actuacións e, o que é máis importante, das previsións para o curso seguinte.

Ao inicio do curso escolar elaborárase o programa de intervención propoñendo, no seu caso, as modificacións ao PXAD que fosen precisas atendendo ás conclusións obtidas na avaliación e ás circunstancias existentes en dito momento.

O Plan Xeral de Atención á Diversidade, que pasará a formar parte do proxecto educativo, foi aprobado polo consello escolar, por proposta do claustro do profesorado na súa reunión do 30 de xaneiro de 2018.

Narón, 30 de xaneiro de 2018

A directora




Asdo: M^a del Carmen Loureiro Rodríguez

A secretaria



Iria Rico Varela



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO I

PROPOSTA DO/A TITOR/A DE E.I. AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

D/Dna.....titor/a do
alumno/a....., do
curso.....solicita ao Departamento de Orientación unha:

- Avaliación Psicopedagóxica
- Exploración Logopédica
- Observación e estudo de condutas inapropiadas na aula ou no contorno familiar.

E de cara a facilitar dito diagnóstico, o/a titor/a aporta os seguintes datos ao D.O.

1. Apelidos e nome do/a alumno/a:
2. Data de nacemento:
3. Breve descrición da problemática observada no alumno/a

4. Dende cando a presenta?

5. Que consecuencias ten?

6. Realizouse algunha intervención de cara a solucionar?

7. De ser así, cal foi o resultado?

8. Observacións:

Narón, de de 201..

Asinado: O/A titor/a:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO II

PROPOSTA DO/A TITOR/A DE E.P. AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

D/Dna.....titor/a do
alumno/a....., do
curso.....solicita ao Departamento de Orientación unha:

- Avaliación Psicopedagóxica
- Exploración Logopédica
- Observación e estudo de condutas inapropiadas na aula ou no contorno familiar.

E de cara a facilitar dito diagnóstico, o/a titor/a aporta os seguintes datos ao D.O.

1. Apelidos e nome do/a alumno/a:
2. Data de nacemento:

3. Indique as dificultades que, ao seu xuízo presenta o/a alumno/a:

- | | |
|---|-------------------------------------|
| <input type="checkbox"/> Dificultade e lentitude xeneralizada | Atraso escolar xeneralizado |
| <input type="checkbox"/> Dificultades na linguaxe | Problemas de comportamento/conducta |
| <input type="checkbox"/> Dificultades en lectoescritura | Dificultades no cálculo |
| <input type="checkbox"/> Outros(especificar) | _____ |
| _____ | _____ |
| _____ | _____ |

4. Nivel de Competencia Curricular

Área de Linguas:

1. Nivel acadado (indicar que nivel ten adquirido):
2. Lingua Oral (Subliñar o/os que proceda):

Articula correctamente todos os sons do idioma--Confunde habitualmente algúns sons-- Estrutura ben as frases-- Posúe unha linguaxe fluída-- Comprende ordes sinxelas--Comprende ordes complexas-- Comprende un relato—O seu vocabulario é axeitado á súa idade



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Observacións: _____

3. Lectura (Subliñar):

Nivel lector: prelectura---silábica---vacilante---expresiva.

Comprensión lectora: Moi baixa---baixa---normal---alta---moi alta.

Erros que acostuma cometer: Substitucións---Adicións---Inversións---omisións---outros.

Observacións: _____

4. Escritura (Subliñar):

Copia: ilexible---con moitos erros---normal---boa.

Ditado: só palabras---frases---textos.

Escritura libre: só palabras---frases---historias.

Erros que acostuma cometer: Substitucións--- Adicións---Inversións---Omisións---Defectuosa separación de palabras---outros.

Observacións: _____

4. Área de Matemáticas:

Nivel acadado (indicar que nivel ten adquirido):

Numeración:

Conta ata _____.



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Escribe cantidades ao ditado até _____.

Le cantidades ata _____.

Cálculo (Subliñar o que proceda):

Non realiza sumas. Suma sen levadas. Suma con levadas.

Non realiza restas. Resta sen levadas. Resta con levadas.

Non realiza multiplicacións. Realiza multiplicacións _____.

Non realiza divisións. Realiza divisións _____.

Realiza/non realiza operacións con decimais.

Solución de Problemas: _____

Observacións: _____

5. Resto de áreas (indicar de forma xeral como é o seu rendemento): _____

5. Observacións e Rexistro do Estilo de Aprendizaxe do/a Alumno/a. Subliñe o que proceda.

A. Autoestima: Grao que manifesta na súa forma de expresarse ou comportarse.

Moi Baixa

Baixa

Media

Alta

Moi Alta



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

B. Motivación:

a) Motivos ou razóns que o/a impulsan á actividade escolar:

5. reforzadores primarios (golosinas, xoguetes, etc)
6. sociais (loanzas, expresións de afecto...)
7. situacións (recoller, ordenar, facer recados, repartir material,...)

b) Grao de dependencia do reforzo:

Imprescindible Case sempre necesario Ás veces

c) Ubicación temporal do reforzo:

Antes da tarefa Durante a tarefa Despois da tarefa

6. Características Xerais. Sinale o que proceda

- Na resolución de tarefas: Pensa as cousas antes de facelas SI NON
- Na resolución de tarefas: Actúa impulsivamente SI NON
- Nivel de concentración ante as tarefas: Baixo Axeitado Alto
- Teñen que recordarlle con frecuencia o que ten que facer? SI NON
- O seu ritmo de traballo é: Lento Normal Rápido
- Desenvolve o traballo de xeito: Desordenado Ordenado
- Traballa mellor individualmente ou en grupo?: Individualmente En grupo Ambas
- No seu traballo é: Responsable Irresponsable
- No seu traballo é: Dependente Independente
- Lembra mellor as cousas que: Le Escoita Escribe
- Gústalle: Moldear coas mans--Construír cousas--Pintar/Colorear—Escribir--Xogar

Outras: _____

- En que lugares/con quen se porta mellor?: _____

- Que actividade escolar lle gusta máis?: _____

- É sociable cos demais? _____

Narón, de de 201..

Asinado: O/A titor/a:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO III

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Don/a.....como orientador/a
do CEIP “Plurilingüe Virxe do Mar” solicita autorización ao pai/nai/titor-a do
alumno/a..... para poder levar a cabo unha
Avaliación Psicopedagóxica do seu fillo/a na que se valorarán as súas competencias e
coñecementos, de cara a facilitar ao alumno/a os reforzos educativos necesarios para o seu mellor
rendemento académico.

No caso de ter algunha dúbida, pode acudir ao centro para falar deste ou calquera outro tema
que sexa de interese na educación do seu fillo/a en horario de martes de 18:00 a 19:00 horas (previo
contacto telefónico).

Nai/Pai/Titor-a do/da alumno/a.....

Autorizo

Non autorizo

A intervención do Departamento de Orientación

Asinado: Nai/Pai/Titor-a



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO IV

ENQUISA Á FAMILIA

1. Historia do seu desenvolvemento

1.1 Embarazo:

- Estado de saúde da nai
- Vivencia do embarazo

1.2 Condicións do parto:

- Existiu algunha complicación? Cal?

1.3 É un neno/a

- Moi activo/a
- Activo/a
- Tranquilo/a
- Moi tranquilo/a

1.4 Presentou algún retraso na adquisición da linguaxe?

1.5 O idioma que fala é

- Existe bilingüismo?

1.6 Enfermidades ao longo da infancia?

- A que idade?
- Alerxias ou enfermidades actuais
- Que medicación toma?
- Que efectos lle notaron dende que toma a medicación?

1.7 Hábitos de autonomía

- Fai algunha tarefa na casa?

1.8 Mente ou fantasea con facilidade?



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

2. Datos socioafectivos

2.1 Reaccións afectivas do neno

- Afectivo-a. Cando?

- Celoso/a. Cando?

- De quen se cela máis?

2.2 Relación co pai

- Que tempo pasan xuntos?

2.3 Relación coa nai

- Que tempo pasan xuntos?

2.4 Relación cos irmáns

- Con cal se leva mellor?
- E peor?

2.5 Hai acordo nas instrucións educativas dadas polos pais?

- Danlle recompensas?..... Cales?
- Quen da as recompensas?
- Quen pon os castigos?
- Quen levanta os castigos?

3. Hábitos e intereses

3.1. Calidade do sono

Tranquilo/a

Inquedo/a

- Horas que durme actualmente

- Manifesta algún determinado medo ou terror?



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3.2.Hábitos alimenticios

- Come moito ou pouco?
- No caso de comer pouco, cal é actitude amosada polos pais ante esta situación?
- Horario de comidas
- Comidas preferidas

3.3.Hábitos de xogo

- Lugar de xogo habitual
- Prefire xogar en soidade ou acompañado?
- Prefire compañeiros máis novos ou máis vellos?
- Xoga cos pais?
- Xogos preferidos
- Cantas horas ve o neno a televisión
- É ordenado nas súas cousas?

3.4.Comportamento xeral

- Ten facilidade para facer amigos?
- Goza de estar só?
- Prefire compartir?
- É tímido?
- É obediente?
- É distraído?
- É chorón?
- É medoso?



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3.5. Acude regularmente a algunha institución privada? (ASPANEPS, TEIMA, EDUCA, LOGOTER, SAPIENS, etc.....)

- Que días e en que horario acude?

4. Observacións:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO V

AUTORIZACIÓN PARA INTERVENCIÓN DOS ESPECIALISTAS DE AL E/OU PT

Durante o presente curso escolar, por iniciativa do equipo docente do centro, cremos que sería positivo que o alumno/a recibise unha das medidas de atención á diversidade que existe no centro co obxectivo de axudarlle nas súas dificultades. Este apoio será impartido polas especialistas de Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica, e pode ter lugar na mesma aula do alumno/a ou fóra dela, segundo as necesidades.

Don/a con D.N.I.....

Pai/nai ou titor/a legal do alumno/a

Escolarizado /a no presente curso académico 20__/20__ no curso _____ de Educación _____

Dou a autorización para que o alumno/a reciba dito apoio.

Narón, de de 20.....

A nai/pai ou titor/a legal

Asdo.:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO VI

AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUNHA ADAPTACIÓN CURRICULAR

D./Dña.....con D.N.I

pai/nai/titor-a legal do alumno/a

escolarizado no curso de Educación

Fun informado/a da necesidade de realizar unha **ADAPTACIÓN CURRICULAR** no actual curso académico como medida de atención/resposta educativa máis axeitada, ante as dificultades e n.e.a.e. que amosa o meu fillo/a no seu proceso de aprendizaxe e que deste xeito poida conquistar uns obxectivos adaptados e axustados á súa madurez e competencia curricular.

Narón, a de 20.....

A nai/pai ou titor/a legal

Asdo.:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO VII

FOLLA DE PETICIÓN DE COPIA DO INFORME PSICOPEDAGÓXICO

I.-DATOS PERSONAIS DO ALUMNO/A

Nome e Apelidos.....

Data de Nacemento..... Curso.....

Data da Petición.....

II.PETICIÓN DA COPIA DO INFORME DA AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

O que abaixo asina,Don/a..... como pai/nai/titor ou titora legal do alumno/a.....

SOLICITA

Do Departamento de Orientación do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar a copia do informe da avaliación psicopedagóxica realizado a seu fillo/a no centro polo/a orientador/a do mesmo.

Así mesmo DECLARA que non existe impedimento legal algún que obstaculice este dereito e asina a presente en Narón, ade de 20.....

III.DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA SOLICITAR A COPIA DO INFORME DE AVALIACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

1.-FOTOCOPIA DO DNI do pai,nai, titor ou titora legal

2.-LIBRO DE FAMILIA

IV.-REXISTRO DA ENTREGA DO DOCUMENTO

D/Dña.....pai/nai/titor/a legal do alumno/a recolle a copia do informe da avaliación psicopedagóxica (clasificado como documento CONFIDENCIAL), tras presentar as credenciais necesarias cuxas fotocopias comprobadas axúntanse a este documento.

No CEIP Plurilingüe Virxe do Mar, a.....de.....de 201.....

A nai/pai ou titor/a legal

O/A orientador/a do centro

Asdo.:

Asdo.:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO VIII

**AUTORIZACION PAIS/NAIS/TITORES LEGAIS PARA ESTABLECER CONTACTO CON
PROFESIONAIS EXTERNOS**

Eu,.....pai/nai, titor/a legal do
alumno/a..... escolarizado/a no CEIP
Plurilingüe Virxe do Mar, dou o meu consentimento para que o Departamento de Orientación deste
centro poida establecer contacto cos profesionais externos que atenden ou atenderon o meu fillo/a, e
intercambien a información que consideren oportuna .

Narón, a de..... de 20.....

A nai/pai ou titor/a legal

Asdo.:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO IX

**INFORMACIÓN E AUTORIZACIÓN SOBRE FLEXIBILIZACIÓN DA IDADE DE
ESCOLARIZACIÓN**

Don/Dona.....
con D.N.I. pai/nai/titor/a legal do alumno/a
.....escolarizado/a, no CEIP Plurilingüe Virxe do Mar.

Expón

Que estando informado/a das dificultades do alumno/a e da proposta de flexibilización como medida adecuada para que no curso....., permaneza un ano máis con carácter excepcional nesta etapa.

Manifesta

Acordo coa proposta

Desacordo coa proposta

En Narón , ade.....de 20.....

A nai/pai ou titor/a legal

Asdo.:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO X

REVISIÓN DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

Nome do alumno/a:

Data nacemento: Curso:

Titor/a:

Data realización da AC:

1. OBXECTIVOS ACADADOS:

2. MODIFICACIÓNS REALIZADAS:

3. ASPECTOS DE MELLORA:



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

ANEXO XI

VALORACIÓN DO REFORZO EDUCATIVO DO TITOR/A OU ESPECIALISTAS Nome do

alumno/a:

Data nacemento: Curso:

Titor/a:

Data de comezo da medida:

1. MEDIDAS DE REFORZO DAS QUE FOI OBXECTO:

2. AS MEDIDAS PROPOSTAS E LEVADAS A CABO FORON:

- Satisfactorias
- Non satisfactorias

Observacións:

3. VALORACIÓN DO PROGRESO DO ALUMNO/A:

COAS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO:	1º av.	2º av.	3º av.
O alumno/a esforzouse e acadou resultados positivos			
O alumno/a esforzouse pero non acadou resultados positivos			
O alumno/a esforzouse pero os apoios non foron suficientes			
O alumno/a esforzouse pero os apoios non foron axeitados			
O alumno/a non se esforzou			
Outras:			

4. MODIFICACIÓNS A INTRODUCIR E/OU NOVA PROPOSTA: